

sitas integramente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as augas de transición a elas asociadas, xunto coas subbacías vertentes na marxe esquerda da ría do Eo e as augas costeiras ata o límite sur da liña con orientación 270º que pasa pola Punta Bazar, ao norte da desembocadura do Miño e ata o límite leste da liña con orientación 0º que pasa pola punta de Penas Brancas, ao oeste da ría do Eo».

2. Dáselle nova redacción ao artigo 6, que queda redactado como segue:

«Artigo 6.

1. Augas de Galicia exercerá as funcións que lle asigna o artigo 7.2º da Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia.

2. Para os efectos establecidos no parágrafo anterior, o territorio de Galicia queda dividido nas zonas hidrográficas que se expresan:

Zona Galicia Norte, con sede na Coruña, que inclúe as bacías dos ríos intracomunitarios vertentes ao mar Cantábrico e a do Eume, tanto na parte en que discorren pola provincia de Lugo, como as que concirnen a todos os concellos da Coruña, ao norte da liña formada por: Carballo, Cerceda, Carral, Abegondo, Cesuras, Oza dos Ríos, Aranga, Monfero, As Pontes de García Rodríguez e Mañón, inclusive.

Zona Galicia Centro, con sede en Santiago de Compostela, que inclúe os concellos da provincia da Coruña, salvo os de Galicia Norte.

Zona Galicia Sur, con sede en Vigo, que inclúe as bacías intracomunitarias dos ríos da provincia de Pontevedra vertentes ao océano Atlántico.

3. Nas cidades de Lugo e Ourense existirán oficinas de Augas de Galicia que exercerán as funcións que lles encomende a súa dirección xeral en materia de obras hidráulicas de interese autonómico no ámbito das súas respectivas provincias».

3. Dáselle nova redacción ao artigo 14, co seguinte teor:

«Artigo 14.

A Xunta de Goberno é o máximo órgano directivo colexiado de Augas de Galicia, na que están representados a Administración da Xunta de Galicia e cantas administracións territoriais teñan atribuídas competencias sectoriais no seo da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, así como os usuarios da auga polos diversos tipos de aproveitamento e outros intereses relacionados coa política hidráulica».

4. Dáselle nova redacción ao artigo 17, que queda redactado como segue:

«Artigo 17.

1. A representación da Administración da Xunta de Galicia na Xunta de Goberno estará integrada polos seguintes membros:

a) O/a presidente/a de Augas de Galicia.

b) Tres vogais designados pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

c) Un/unha vogal por cada unha das consellerías competentes en materia de protección civil, economía e facenda, ordenación do territorio, industria, agricultura, saúde pública e pesca, designados polo conselleiro respectivo.

2. Os/as vogais a que se refire o punto anterior deste artigo serán membros comúns das dúas seccións permanentes da Xunta de Goberno.

3.- A Administración xeral do Estado estará representada por un/unha vogal na Xunta de Goberno e na súa sección Galicia-Costa».

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezanove de xuño de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2008.

O Real decreto 1539/2006, do 15 de decembro, modificado polo Real decreto 228/2008, de 15 de febreiro, regula a concesión de axudas para a renovación do parque español de maquinaria agrícola pola necesidade de cumprir cos obxectivos de mellorar a eficiencia enerxética para conseguir unha cota de aforro de carburantes asignada ao sector agrario, reducir as emisións contaminantes á atmosfera e rebaixar os índices de sinistralidade nas actividades agrícolas e forestais.

Por outra banda, o 20 de xullo, o Consello de Ministros aprobou un plan de medidas urxentes da estratexia española de cambio climático e enerxía limpa, entre as cales se encontra a redución de fertilizantes nitroxenados. Para a súa consecución, considérase necesario dispoñer de equipamentos

mecánicos que posibiliten unha correcta distribución dos fertilizantes.

Para evitar algunhas anomalías que se detectaron na aplicación desta liña de axudas durante o ano 2007, e para facelo adecuando a liña á consecución dos obxectivos previstos sen que iso represente un desaxuste coas previsións orzamentarias, establécese un máximo de axuda por beneficiario e ano, garantindo así mesmo que os equipamentos para desmantelar estean en uso e non en estado de abandono.

O Real decreto 1539/2006, do 15 de decembro, establece que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación transferirá ás comunidades autónomas as cantidades que correspondan para atender ao pagamento das subvencións concedidas de acordo coa devandita normativa e esta orde, correspondéndolle a xestión á comunidade autónoma.

O Real decreto 1539/2006 e a súa modificación polo Real decreto 228/2008, que regula as axudas para a renovación do parque nacional de maquinaria agrícola, fóronlle comunicados á Comisión Europea en cumprimento do disposto no Regulamento (CE) nº 1857/2006, do 15 de decembro, polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

SECCIÓN PRIMEIRA

BASES REGULADORAS DE CONCESIÓN DE AXUDAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A RENOVACIÓN DO PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Artigo 1º.-*Obxecto e finalidade.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer, en réxime de concorrencia competitiva, as bases reguladoras para conceder axudas para a renovación do parque de tractores e máquinas automotrices agrícolas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2008.

O medio para atinxir o obxectivo é a substitución das máquinas máis vellas, que deberán ir destinadas ao desmantelamento, por novos tractores e novas máquinas que, ao estaren equipadas con modernas tecnoloxías, melloran as condicións de traballo, teñen unha maior eficiencia enerxética e producen menor impacto ambiental.

2. Tamén se poderán destinar estas axudas procedentes do desmantelamento de tractores e máquinas automotrices á adquisición de determinadas máquinas arrastradas, como:

a) Sementadoras directas.

b) Cisternas para xurros e esparexedores de fertilizantes sólidos equipadas, en ambos os dous casos, con dispositivo de localización.

c) Fertilizadoras e equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios que posibiliten unha correcta distribución, mediante acreditación dunha estación de ensaios específica para estes tipos de máquinas.

3. A finalidade desta disposición é:

a) Garantir unha mellora nas condicións de traballo dos agricultores e das agricultoras no manexo da maquinaria agrícola.

b) Incrementar o equipamento destes vehículos para maior seguridade nos seus desprazamentos polas vías públicas.

c) Potenciar a utilización de tractores e máquinas automotrices dotados con motores de novo deseño e de mellor aproveitamento enerxético do combustible.

d) Reducir a contaminación por emisión de gases e o seu nivel sonoro.

e) Asegurar a introdución na agricultura de tractores e máquinas con alta tecnoloxía, fiables e apropiados para satisfacer os requirimentos demandados pola agricultura moderna.

f) Promover a utilización en común da maquinaria agrícola para economizar os recursos do sector.

Artigo 2º.-*Contía da axuda.*

1. A contía base da axuda establécese en 80 euros por cabalo de vapor (CV) da potencia que conste na inscrición no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA), no caso de tractores e motocultores. Para o resto de máquinas automotrices, a potencia en CV determinarase multiplicando polo factor 5 a súa potencia fiscal.

2. No caso de que o/a beneficiario/a sexa unha persoa física, a contía base da axuda incrementárase, atendendo ás súas condicións e ás da súa explotación, nas contías seguintes:

a) Por ser titular dunha explotación agraria prioritaria, definida no artigo 3 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, en 25 euros por CV. Esta explotación deberá estar inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias Prioritarias da Comunidade Autónoma de Galicia segundo a Orde do 16 de xuño de 1998.

b) Por ser agricultor/a mozo/a, que presente a solicitude da axuda para o desmantelamento do tractor ou da máquina automotriz durante o proceso da súa primeira instalación ou nos cinco anos seguintes a esta, en 25 euros por CV.

c) Por ser muller, en 10 euros por CV.

d) Por estar a explotación nunha zona cualificada como zona de montaña ou outras zonas con dificultades, de acordo co sinalado no Regulamento (CE) nº 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), en 10 euros por CV.

3. No caso de que o beneficiario sexa cooperativa agraria, cooperativa de explotación comunitaria da terra, cooperativa de traballo asociado cuxa actividade principal sexa a agraria ou unha sociedade

agraria de transformación (SAT), inscritas nos correspondentes rexistros oficiais, a contía da axuda será a contía base incrementada en 70 euros por CV de potencia dos tractores e máquinas automotrices desmantelados.

4. Para outras persoas xurídicas cuxa actividade principal sexa a produción agraria así como para as persoas físicas ou xurídicas cuxa actividade principal sexa a prestación de servizos agrarios, sempre que estean inscritas nos correspondentes rexistros ou censos oficiais, o incremento da contía base será de 25 euros por CV de potencia da maquinaria desmantelada.

5. A persoa ou entidade solicitante poderá desmantelar máis dun tractor ou máquina automotriz e adquirir un único tractor novo ou unha soa máquina nova por beneficiario e convocatoria do ano, sempre que a contía total da axuda que poida percibir non exceda os límites máximos especificados no artigo seguinte.

6. A contía da axuda increméntase, atendendo ás deficiencias de seguridade dos tractores desmantelados, en 80 euros por CV cando sexan unidades de tractores inscritos no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) antes das datas de exhibibilidade da obriga de ter estruturas de protección homologadas para cada grupo e subgrupo de tractores, tal e como figuran na Resolución do 21 de marzo de 1997 (BOE do 11 de abril), da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrícolas, pola que se actualiza o anexo I da Orde do 27 de xullo de 1979 pola que se regula, tecnicamente, o equipamento dos tractores agrícolas con bastidores ou cabinas oficialmente homologadas. Para os tractores estreitos (grupo 3), entenderase como data de exhibibilidade o 2 de xullo de 1993.

7. A contía base da axuda poderase incrementar tamén atendendo á clasificación segundo a eficiencia enerxética do novo tractor e ao seu estado de cumprimento da normativa de emisións, reguladas polo Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CE, relativas á homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas dos ditos vehículos, nos seguintes importes, referidos á potencia da maquinaria desmantelada:

a) Por clasificación na categoría máis alta de eficiencia enerxética (A): 30 euros/CV.

b) Por clasificación na segunda categoría máis alta (B): 10 euros/CV.

c) Por ter na súa homologación valores de emisións contaminantes inferiores ás exixidas, no momento de presentación da solicitude, en 10 euros/CV.

Artigo 3º.-Compatibilidade con outras axudas e contía máxima.

1. A axuda máxima por beneficiario e convocatoria do ano non poderá superar 12.000 euros no caso de adquisición de tractores novos, 30.000 euros cando se trate de máquinas automotrices de recolección e

o 30 por cento do investimento no resto de máquinas automotrices e no caso de máquinas arrastradas.

2. Estas axudas son compatibles con calquera outras legalmente establecidas co mesmo obxecto, coas limitacións establecidas no artigo 19 do Regulamento (CE) nº 1857/2006, do 15 de decembro, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas, e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 70/2001, e sempre que non superen os límites especificados nos puntos seguintes ou no artigo 4.º do citado regulamento. Para estes efectos, os solicitantes incorporarán ao expediente unha declaración das axudas solicitadas para esta mesma finalidade.

3. A contía máxima do conxunto das axudas a que se refire o número 2 deste artigo, expresada en porcentaxe do importe do investimento subvencionable, calculada a partir do custo total de adquisición, considerando o prezo neto de factura, sen incluír o IVE, é:

a) En zonas desfavorecidas ou nas indicadas no artigo 36, letra a) incisos i), ii) e iii), do Regulamento (CE) nº 1698/2005, de 20 de setembro, o 50 por cento.

b) Nas demais zonas, o 40 por cento.

c) En agricultores/as mozos/as que soliciten a axuda no momento da súa instalación ou nos cinco anos seguintes a esta, as porcentaxes anteriores incrementaríanse en 10 puntos porcentuais.

4. O límite do investimento subvencionable será de 100.000 euros por solicitante e convocatoria do ano.

Artigo 4º.-Requisitos e compromisos dos beneficiarios.

1. Para acceder á axuda regulada nesta orde cómpre:

a) Axustarse á definición de pequenas e medianas empresas establecidas no anexo I do Regulamento (CE) nº 70/2001, da Comisión, do 12 de xaneiro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas.

b) Ser titular dunha explotación agraria ou tratarse dunha persoa física ou xurídica das recollidas no artigo 2º puntos 3 e 4.

c) Ser titular do novo tractor ou máquina e da maquinaria desmantelada, tendo en conta as excepcións recollidas no artigo 5 b).

d) Cumprir as normas comunitarias aplicables aos investimentos de que se trate, tal como establece o artigo 26 do Regulamento (CE) nº 1698/2005, do 20 de setembro, para a medida de modernización das explotacións agrarias.

e) Comprometerse a non allear o novo tractor ou a nova máquina durante un período de 5 anos, contados a partir da data de concesión da axuda. No caso de incumprimento, o beneficiario deberalle reintegrar ao Tesouro Público o importe da axuda obtida e os xuros correspondentes, salvo nos casos de forza

maior previstos na normativa comunitaria en materia de axudas á modernización de explotacións agrarias.

f) Cando se trate de persoas xurídicas, acreditar amais que a súa actividade principal é a produción agraria, coa presentación dos estatutos e do documento de constitución en que deberá figurar o selo do rexistro coa inscrición rexistral.

g) No caso de empresas de servizos, acreditar que a súa actividade principal é a prestación de servizos agrarios, coa presentación, se é o caso, dos estatutos e do documento de constitución, certificado da Axencia Tributaria que recolla a alta na actividade de prestación de servizos agrarios e, en todo caso, certificado de estaren inscritas nos rexistros ou censos oficiais.

h) Estar ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ter ningunha débeda pendente de pagamento coa Administración da comunidade autónoma.

2. Así mesmo poderán beneficiarse da axuda as cooperativas agrarias, as cooperativas de explotación comunitaria da terra, as cooperativas de traballo asociado das que a súa actividade principal sexa a agraria e as SAT, que adquiren un novo tractor ou máquina para a súa utilización en común, con desmantelamento dunha ou máis unidades de tractores ou máquinas automotrices antigas, cuxos titulares sexan as propias cooperativas ou ben socios destas, e que cumpran os requisitos anteriores, a excepción do sinalado na letra c) do punto anterior. Deberán achegar os estatutos, documento de constitución e certificado da súa inscrición rexistral.

Artigo 5º.-Requisitos do tractor ou máquina automotriz desmantelados.

Os tractores e máquinas que se desmantelen deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter máis de 15 anos de antigüidade, excepto para os equipos de recolección, que poderá ser de 10 anos, computados entre a data da súa primeira inscrición como alta no Rexistro Oficial de Maquinaria (ROMA) e a data de solicitude da axuda.

b) Estar inscrito no ROMA polo menos un ano antes da data de solicitude baixo a titularidade do/a solicitante da axuda, agás nos casos de transmisión ou cambio de titularidade da explotación, falecemento, invalidez permanente ou xubilación do seu anterior titular, ou nos casos de primeira incorporación de mozos/as á titularidade ou cotitularidade da explotación agraria. Este requisito seralle exixible igualmente aos socios de cooperativas e sociedades agrarias de transformación recollidos no artigo 4º.2.

c) Estar en condicións de uso e non de abandono. Poderase acreditar coa presentación da inspección técnica de vehículos (ITV) ao día ou o seguro ao día ou cun informe dun técnico da Consellería do Medio Rural.

d) Ser entregado nun centro autorizado de tratamento ou nunha instalación de recepción, regulados no Real decreto 1333/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil, e na orde INT/249/2004, do 5 de febreiro, pola que

se regula a baixa definitiva dos vehículos descontaminados ao final da súa vida útil, para a súa destrución.

e) Causar baixa definitiva no ROMA, cunha anotación en que se faga constar que foi desmantelado. Así mesmo, deberá causar baixa definitiva no Rexistro de Vehículos de Tráfico, se estivese inscrito nel.

Artigo 6º.-Requisitos do novo tractor ou máquina.

O novo tractor ou máquina deberá cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser adquirido en data posterior á solicitude da axuda.

2. Quedar inscrito, como de primeira adquisición, no ROMA do servizo provincial correspondente.

Artigo 7º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes para obter a axuda poderanse presentar nas oficinas agrarias comarcais, nas delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural ou en calquera dos lugares e nas formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e axustaranse aos modelos que se xuntan a esta orde.

2. Coa solicitude de axuda achegarase a documentación complementaria establecida na orde e ademais:

a) Fotocopia cotexada do DNI/CIF do solicitante.

b) Se o solicitante é persoa xurídica, fotocopia cotexada do DNI do representante.

c) No caso de persoas xurídicas en que a súa actividade principal sexa a produción agraria, fotocopia cotexada do DNI de todos os socios.

d) Certificación dos datos bancarios (ser titular da conta onde se quere percibir o pagamento da axuda).

e) Fotocopia da cartilla agrícola e ficha técnica do tractor ou máquina automotriz vella para desmantelarse.

f) Unha factura pro forma do novo tractor ou máquina que se adquiera, en que deberá figurar a marca, modelo e prezo neto sen IVE.

g) Fotocopia cotexada dos estatutos e documentos de constitución do solicitante persoa xurídica.

h) No caso de cooperativas, fotocopia cotexada da súa inscrición rexistral.

i) No caso de SAT, fotocopia cotexada da súa inscrición rexistral.

j) No caso de empresas de servizos agrarios, certificado da Axencia Tributaria que recolla a alta na actividade de prestación de servizos agrarios.

k) Para xustificar que o tractor ou máquina vella automotriz está vinculada á mesma explotación do solicitante deberá achegar unha ou algunha da seguinte documentación, segundo o caso:

-Fotocopia de transmisión ou cambio do titular da explotación, ou fotocopia de certificado de defunción, ou de invalidez, ou de xubilación do seu ante-

rior titular ou nos casos de primeira incorporación dos mozos/as á titularidade ou cotitularidade da explotación agraria, unha fotocopia da súa incorporación, ou libro de familia, ou certificado de convivencia, ou certificado de empadramento/ou certificado de inscrición do Rexistro de Parellas de Feito.

l) Se o titular do tractor ou máquina agrícola vella para desmantelar é socio da cooperativa ou SAT, certificado de pertencer a ela.

m) Certificado de emisión de gases contaminantes do tractor novo, de ser o caso.

n) Compromiso de cumprimento das normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais.

o) Declaración doutras axudas solicitadas para a mesma finalidade.

p) Informe da vida laboral na actividade agraria das persoas que traballan na explotación agraria.

q) Solicitante persoa física titular de explotación agraria, fotocopia cotexada da última declaración da renda e informe da vida laboral na actividade agraria.

r) Solicitante persoa xurídica titular da explotación agraria, fotocopia cotexada do último exercicio da declaración do imposto de sociedades ou da declaración da renda e informe da vida laboral na actividade agraria polo menos do 50% dos socios.

3. A presentación da solicitude de axuda polas persoas ou entidades interesadas comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que teñan que emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral de Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Recibidas as solicitudes examínanse os documentos presentados. No caso de que sexan detectadas faltas ou omisións, requírirase, conforme o artigo 71 da LRXAP e PAC, o interesado para emendar os erros ou acompañar a documentación preceptiva no prazo de dez días hábiles, téndoo por desistido da súa solicitude en caso contrario, logo de resolución en tal sentido.

Artigo 8º.-*Criterios de concesión das axudas.*

1. No caso de que as peticións da axuda presentadas excedan o crédito dispoñible, ordenaranse as solicitudes atendendo ao seguinte baremo:

a) Por ser cooperativa de maquinaria, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou cooperativa con sección específica de maquinaria ou de servizos que incorporen maquinaria, sempre que dispoña de regulamento de funcionamento interno: cinco puntos.

b) Por ser outro tipo de cooperativa ou unha SAT: catro puntos.

c) Por ser titular de explotación prioritaria: tres puntos.

d) Por atoparse a explotación en zona de montaña ou demais zonas con dificultades: dous puntos.

e) Por ser agricultor/a mozo/a: tres puntos.

f) Por ser muller: dous puntos.

g) Por ser persoa física ou xurídica cuxa actividade principal sexa a prestación de servizos agrarios: dous puntos.

h) Pola clasificación do novo tractor na categoría máis alta de eficiencia enerxética: dous puntos.

i) Pola clasificación do novo tractor na segunda categoría máis alta de eficiencia enerxética: un punto.

j) Porque as emisións de gases contaminantes sexan inferiores ás exixidas pola lexislación na súa homologación: un punto.

k) Por tratarse dun modelo de tractor para desmantelar sen estrutura de protección homologada oficialmente: dous puntos.

l) Estar inscrito no ROMA baixo a titularidade do solicitante ou dos socios de cooperativas ou SAT ou por estar vinculada a máquina para desmantelar á mesma explotación do solicitante, dende hai polo menos 4 anos: seis puntos.

m) Por ser agricultor a título principal, segundo a Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias: cinco puntos.

n) No caso de titulares explotacións agrarias, que teñan polo menos dúas unidades de traballo agrario (UTA), que coticen á Seguridade Social na actividade agraria: catro puntos.

o) En función da superficie agraria útil (SAU) da explotación de acordo coa definición establecida na Decisión 2000/115/CE, da Comisión, do 24 de novembro de 1999, e da rotación de cultivos levada a cabo nela:

Co fin de baremar a rotación de cultivos, establécese un coeficiente ponderado para aplicar con respecto aos datos que a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria extraerá da última solicitude unificada da declaración de superficies do solicitante da axuda. Naqueles casos en que non se teña feito, deberá presentar unha declaración da superficie agraria útil da súa explotación en que constarán as referencias catastrais (provincia, concello, polígono, parcela) e seu uso agrícola, validarase a superficie e o uso polo SIX-PAC (Sistema de Información Xeográfica de Parcela Agrícola). Este coeficiente será o resultante de sumar a superficie cultivada da explotación da forma seguinte: hectáreas de pastos permanentes multiplicado por un, máis hectáreas de pradeiras temporais menores de 5 anos multiplicado por dous, máis hectáreas de cultivos anuais (agás pratenses) multiplicado por catro. En función do resultado anterior obtido, as solicitudes puntuaranse do xeito seguinte:

Coeficiente de 30 a 45: catro puntos

Coeficiente de 46 a 60: seis puntos

Coeficiente de 61 a 75: oito puntos.

Coeficiente maior de 75: dez puntos.

No caso de que haxa solicitudes coa mesma puntuación, daráselle prioridade a aquela en que o solicitante substitúa o tractor de maior antigüidade e, en segundo lugar, daráselle prioridade ás que en convocatorias anteriores se desestimaron por falta de dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 9º.-*Resolución das solicitudes.*

1. O órgano de instrución dos expedientes destas axudas será a Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. A resolución do expediente correspóndelle ao conselleiro do Medio Rural por proposta da Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, logo da avaliación das solicitudes por un órgano colexiado que estará presidido polo subdirector xeral de Produción Agraria Sustentable e Fomento Asociativo e integrado polo/a xefe/a do servizo de Produción Agraria Sustentable e Sanidade Vexetal e por dous/dúas funcionarios/as desa subdirección xeral con categoría non inferior a xefe/a de negociado, un dos cales actuará como secretario. Se por calquera causa, no momento que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún ou algunha dos seus integrantes non puidesen asistir, será substituído polo funcionario/a que para o efecto designe o subdirector xeral.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de seis meses contados desde o día seguinte ao da publicación no diario oficial da correspondente convocatoria. Transcorrido este prazo sen que se notificase a resolución, esta poderase entender desestimada.

3. No caso de solicitudes desestimadas por falta de orzamento, os seus titulares poderán presentar unha nova solicitude, dentro do prazo sinalado pola convocatoria a que se acollan, que será resolta en prazo sinalado por esta, séndolles de aplicación o disposto na data de concesión da axuda e considerando, para os efectos do artigo 6º, como data de solicitude a inicialmente presentada.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 10º.-*Recursos administrativos.*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde ou das respectivas ordes de convocatoria esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa.

Artigo 11º.-*Xustificación e pagamento.*

1. Na resolución de concesión da axuda establececese a data límite para a execución das actuacións aprobadas. Este prazo non poderá exceder dun ano desde a notificación ás persoas ou entidades beneficiarias da resolución favorable. Así mesmo, estas deberán comunicar por escrito a súa execución antes da finalización do prazo, preferentemente ás delegacións provinciais ou ás oficinas agrarias comarcais da Consellería do Medio Rural, presentando a seguinte documentación:

a) Xustificación de ser entregado nun centro autorizado de tratamento ou nunha instalación de recepción do tractor ou máquina automotriz para desmantelar.

b) A baixa do tractor ou máquina automotriz desmantelado no ROMA provincial onde estea inscrito, conforme o establecido no punto sexto da Orde do 28 de maio de 1987, sobre inscrición de máquinas agrícolas nos rexistros oficiais e tamén no Rexistro de Vehículos, se estivese inscrito nel.

c) A alta no ROMA do novo tractor ou máquina agrícola, conforme o punto quinto da Orde do 28 de maio de 1987.

d) Notificación de concesión da axuda.

e) Factura de compra, en que deben aparecer detallados os seguintes conceptos:

1º O prezo da tarifa do tractor ou máquina adquirido, co seu equipamento.

2º Os descontos aplicados pola empresa vendedora, especificando os distintos conceptos e, en especial, o que aplique polo desmantelamento dos tractores ou máquinas automotrices antigos.

3º O prezo neto, sen IVE.

f) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

2. As facturas acreditativas dos investimentos deberán ter data posterior á da solicitude de axuda e deberán cumprir as exixencias que establece o Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación e se modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, acompañándoas do xustificante que verifique o pagamento efectivo delas, a sinatura e o recibín ou pagado da entidade que facture, ou ben xustificante bancario.

3. O pagamento da axuda realizarase, salvo incumprimento do establecido nesta orde, mediante transferencia á conta bancaria do titular debidamente documentada segundo o artigo 7º.2 d) desta orde.

Artigo 12º.-Reintegro da axuda.

Procederá o reintegro, total ou parcial, do importe da axuda máis os xuros de demora producidos desde o pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos na Lei 38/2003, do 17 do novembro, xeral de subvencións, agás nos casos de forza maior previstos na normativa en materia de axudas á modernización de explotacións agrarias.

Artigo 13º.-Obriga de facilitar información.

Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, lle poidan esixir os órganos competentes da Consellería do Medio Rural, os/as beneficiarios/as das axudas teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano de inspección ou control da Unión Europea.

Artigo 14º.-Vehículos históricos.

No suposto de tractores de época ou históricos de máis de 30 anos de antigüidade, con valor de colección ou susceptibles de exposición en museos, poderase substituír o seu desmantelamento pola entrega a unha entidade ou asociación legalmente constituída, en cuxos estatutos se prevexa esta actividade, que deberá emitir un certificado en que conste o valor de colección ou exposición en museos do tractor e que garanta a súa retirada da actividade agraria, e darase de baixa no ROMA cunha anotación de vehículo histórico.

Artigo 15º.-Cobertura de garantías.

